




arela³

memoria
2024

Handwriting practice sheet showing three rows of letters with stroke order guides. The first row shows lowercase letters 'a' through 'e' in a bold, black, serif font. The second row shows lowercase letters 'l' through 'r' in a light gray, cursive font. The third row shows lowercase letters 'u' through 'z' in a light gray, cursive font. Each letter includes numbered arrows indicating the direction and order of strokes. A hand holding a yellow marker is visible on the right side of the page, positioned over the first row of letters.



*Saúdo

Un ano máis, compartimos convosco a nosa Memoria de Actividades, na que recollemos os principais datos e actuacións que definiron o labor da Asociación ARELA ao longo do 2024. Este documento é unha mostra do noso compromiso coa infancia e mocidade en situación de risco, desprotección ou conflito social de Galicia.

O 2024 estivo marcado por importantes retos e avances. Continuamos co proceso de renovación dos concertos sociais asinados coa Xunta de Galicia, consolidando os servizos iniciados o ano anterior, como o Centro de Intervención Educativa en Medio Aberto e os Centros de Día de Atención Integral. Ademais, afrontamos a complexa renovación dos concertos sociais das seis Casas de Familia que xestionamos en Galicia, nun contexto de reivindicacións para a mellora das condicións económicas e coa aplicación de compromisos compensatorios ao remate do exercicio.

Reforzamos tamén as nosas colaboracións, renovando os convenios con programas fundamentais como CaixaProinfancia da Fundación “la Caixa” e Ktorce18 da Fundación Barrié. Ademais, demos un paso máis aló coa creación dunha UTE entre a Fundación Meniños e ARELA, que permitirá xestionar nos próximos anos o concerto social do Programa de Preservación Familiar, expandíndoo a un novo territorio: Ferrolterra.

Outro fito destacado foi a creación da Asociación Empresarial Galega de Familia, Infancia e Xuventude (GAFIX), da que ARELA forma parte xunto con outras entidades do sector. GAFIX nace co obxectivo de apoiar as organizacións que traballan nos ámbitos da Protección, Xustiza Xuvenil, Saúde Mental Infantil, Xuventude e Familia, ofrecéndolles servizos de xestión e intervención, defendendo os seus intereses e representándoas ante as administracións e sindicatos.

Nada disto sería posible sen o compromiso e dedicación do equipo de profesionais de ARELA, verdadeiro motor do noso traballo. Grazas a eles, seguimos avanzando na construción dun futuro mellor para a infancia e mocidade galegas.

A Memoria de Actividades segue a liña dos últimos anos, cun propósito claro: chegar á sociedade a nosa realidade e poñer en valor o labor que desenvolvemos día a día. Convidámosvos a afondar neste documento e coñecer de preto todo o traballo que hai detrás de cada intervención, de cada proxecto e, sobre todo, de cada persoa á que acompañamos.

Julio Barreiro González
Director da Asociación ARELA



Asociación ARELA

Quen somos?

En 1998 un grupo de profesionais da educación social, do traballo social, da psicoloxía, da pedagogía,crean a Asociación ARELA.

Somos unha asociación sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública, segundo se recolle no DOG do 22 de maio de 2018.

Misión

A nosa MISIÓN é o desenvolvemento integral da infancia e da mocidade de Galicia, en risco de exclusión, en situación de desprotección ou en conflito social, fomentando iniciativas de intervención e prevención nestas situacións, de calidade e normalizadoras, cun compromiso continuo pola xustiza social, a través da implicación das persoas que a constitúen.

Valores

ARELA asume o **COMPROMISO** coa infancia e a mocidade desprotexida e/ou en conflito social, a través dos seguintes valores:

- Fomento de **INICIATIVAS** que se adapten ás novas necesidades detectadas.
- Intervención **INDIVIDUALIZADA** baseada na **FLEXIBILIDADE** e na **AUSENCIA DE PREXUÍZOS**.
- **RESPECTO** e **CONFIANZA PERMANENTE** nas posibilidades e potencialidades dos nenos e nenas, adolescentes e mocidade
- **PROFESIONALIDADE** cun estilo de intervención baseado no **TRABALLO EN EQUIPO**, a **COLABORACIÓN EN REDE**, a **FORMACIÓN CONTINUA** e a **EFICIENCIA**.
- **CALIDADE**, **TRANSPARENCIA** e **MELLORA CONTINUA** na xestión.
- **IMPLICACIÓN** e **PARTICIPACIÓN** dos membros da entidade na toma de decisións.
- **CONCIENCIACIÓN** da sociedade da situación da infancia e a mocidade desprotexidas e/ou en conflito social a través da **PRESENZA** e **IMPACTO**.



* Os órganos de goberno

a asemblea de socios e socias

No ano 2024 na Asociación ARELA celebramos 2 asembleas xerais ordinarias e 2 asembleas xerais extraordinarias de socios e socias.

A **Asociación ARELA** rematou o ano 2024 con **39 socios e socias**.

a xunta directiva

A xunta directiva de **ARELA** estivo formada no ano 2024 polas seguintes persoas:



PRESIDENTA
Sonia López Fernández



TESOUREIRA
Patricia Varela Guntín



SECRETARIA
Lorena Gil Cobo



VOGAL
María Carmen Borrajo Díaz



VOGAL
Carlos Fernández Pedrós

o equipo directivo

O equipo directivo de **ARELA** encárgase da coordinación dos diferentes servizos, programas e áreas de traballo da entidade. Está formado polas seguintes persoas:

DIRECTOR: Julio Barreiro González.

COORDINADORA ÁREA DE PROTECCIÓN: Iria Fernandez Méndez.

COORDINADORA ÁREA DE CONFLITO SOCIAL: Ana Pérez Figueroa.

RESPONSABLE DE XESTIÓN: María Marcote Márquez.

* O equipo humano

a intervención profesional en ARELA

A intervención dos profesionais de ARELA fundaméntase nos seguintes principios:

- Intervención **INDIVIDUALIZADA** baseada na **FLEXIBILIDADE** e na **AUSENCIA DE PREXUÍZOS**.
- **RESPECTO** e **CONFIANZA PERMANENTE** nas posibilidades e potencialidades dos nenos e nenas, adolescentes e mozos e mozas.
- Estilo de intervención baseado no **TRABALLO EN EQUIPO**, a **COLABORACIÓN EN REDE**, a **FORMACIÓN CONTINUA** e a **EFICIENCIA**.

o equipo de profesionais



O equipo de profesionais de ARELA en 2024 estivo formado por unha media de **136** persoas.



3,62/5

satisfacción equipo profesional






O equipo de profesionais de ARELA en 2024 estivo formado por unha media de 136 persoas.



* ARELA en 2024

Galicia





Servicio de Casas de Familia

72 niños, niñas e adolescentes atendidos



Servicio de Centros de día

27 niños, niñas e adolescentes atendidos



Servicio de CIEMA

254 adolescentes, mozos e mozas atendidos



2326 alumnos e alumnas e 214 mestres e mestras



Espazos de preservación familiar

**301 niños, niñas e adolescentes
175 familias**



CONVIVE. COM.igo

4 grupos familiares activos en 2024

**CaixaProinfancia
Coordinación local**

**233 niños, niñas e adolescentes
137 familias**





Casas de familia

Que son?

Son pisos ou vivendas unifamiliares nas que conviven, en atención residencial, 8 nenos, nenas, adolescentes, mozos ou mozas con 7 ou 8 educadoras e educadores.

Son un fogar de paso para tratar de intervir e acompañar nas dificultades que presentan. Mentres trabállase coas familias para superar as situacións que provocaron a saída do neno, nena, adolescente e/ou mozo ou moza, ou ben, se isto non é posible, se traballa para a consecución dun recurso familiar alternativo (acollemento ou adopción) ou vida autónoma.

ARELA conta con 6 casas de familia en toda Galicia: 2 en Vigo, 1 en Santiago de Compostela, 1 en Allariz, 1 en O Barco de Valdeorras e 1 en Monforte de Lemos.

En xuño de 2024 ARELA asinou 6 concertos sociais para todas as casas de familia coa Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia

Misión

Favorecemos a integración familiar e social dos nenos, nenas e adolescentes, en desprotección familiar, mediante unha intervención educativa, integral e individualizada; enmarcada nun clima acolledor, de afecto e respecto, traballando en rede cos axentes sociais implicados.


Datos do servizo de casas de familia en 2024

A continuación recolleemos os datos máis salientables do servizo de casas de familia de **ARELA** en 2024.




* as casas de familia en 2024

nenos, nenas e adolescentes atendidos/as



* nivel de ocupación media das casas de familia de ARELA: >96%

análise das baixas: número, motivos,...



satisfacción co servizo



1,80/2 satisfacción media de nenos e nenas

3,90/5 satisfacción media de persoas adolescentes

financiamento

O servizo de casas de familias xestionase mediante Concerto Social asinado coa Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia





Centros de día

Que son?

Os Centros de Atención de Día Integral son recursos a través dos que se leva a cabo unha intervención educativa con nenos ou nenas e adolescentes con dificultades socio-familiares, intentando acadar os cambios precisos para normalizar a convivencia familiar.

Ademais da intervención cos nenos e nenas, o pilar fundamental do servizo é a intervención coas familias; xa que soamente os cambios en todo o contexto familiar van a procurar cambios substanciais que permanezan no tempo e así, se poidan eliminar e/ou minimizar os factores de risco que motivaron a medida de atención de día. Intervención que se fai a través dun Programa de Intervención Familiar.

Misión

Normalizamos a convivencia familiar de nenos, nenas e adolescentes con dificultades socio-familiares, para que, a través da intervención educativa, integral e individualizada, en rede, con outros profesionais, dentro do seu entorno, se acaden os cambios precisos.


Datos do servizo de centros de día en 2024

A continuación recolleemos os datos máis salientables do servizo de centros de atención de día integral de ARELA en 2024



* os centros de día en 2024

nenos, nenas e adolescentes atendidos/as



análise das baixas: número, motivos,...



satisfacción co servizo



1,92/2 satisfacción media de nenos e nenas



4,33/5 satisfacción media de persoas adolescentes

financiamento

O servizo de centros de día xestionase mediante Concerto Social asinado coa Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE



CIEMA



CIEMA Medio aberto

Que son?

O CIEMA é un servizo para adolescentes e mocidade en conflito social, destinado ao cumprimento de medidas xudiciais en medio aberto e de reparacións extraxudiciais. Réxense pola Lei 5/2000 de responsabilidade penal dos menores.

As medidas susceptíbeis de ser executadas no CIEMA ARELA son as seguintes:

- Tratamento ambulatorio
- Asistencia a un centro de día
- Liberdade vixiada
- Convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo
- Prestacións en beneficio da comunidade
- Tarefas socioeducativas
- Permanencias de fin de semana no domicilio
- Reparacións extraxudiciais

Misión

O fomento de maiores niveis de responsabilidade, autonomía persoal e a non reincidencia, mediante a intervención educativa, integral e individualizada, con adolescentes, mozos e mozas en conflito social, contando coa cooperación de todos os axentes sociais e da familia.

Datos do CIEMA en 2024



A continuación recolleemos os datos máis salientables do CIEMA ARELA no 2024, nos dous equipamentos que xestiona ARELA en Vigo e Pontevedra.



* O CIEMA en 2024

adolescentes e poboación moza atendida

254
adolescentes
mozos e
mozas
atendidos




medidas xudiciais executadas

307
medidas
executadas
en 2024

252 medidas
xudiciais

55 medidas
extraxudiciais



nivel de reincidencia

13,8%
reincidencia
en medidas
xudiciais

10%
reincidencia
en medidas
extraxudiciais

satisfacción co servizo



4,80/5

satisfacción medidas xudiciais



4,75/5

satisfacción medidas extraxudiciais

financiamento

O servizo de Centros de Intervención Educativa en Medio Aberto xestionase mediante Concerto Social asinado coa Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia



Que é?

O programa **KTORCE18** é unha oferta preventiva, dirixida aos centros educativos de Galicia que abarca os retos de, por unha banda, reflexionar sobre as condutas infractoras cometidas na adolescencia e, por outra banda, sensibilizar sobre o acoso escolar e maltrato nas aulas. O Programa, realizado en colaboración coa **Fundación BARRIÉ** consiste nunha serie de obradoiros ofertados ao alumnado da ESO e das FPB da comunidade galega. Cada ano ofértanse unha serie de obradoiros por provincias que se asignan por orde de inscrición, resultando durante o curso 2023-2024 un total de **85 actividades**, sendo a demanda actual moi alta.

Misión

Ofrecer formación e información veraz á poboación adolescente de Galicia sobre a Lei do Menor e a prevención do acoso, promovendo a reflexión e a actitude crítica de cara á mellora da convivencia.

Datos do programa no curso 2023-2024

A continuación recolleemos os datos máis salientables do programa **KTORCE18** de prevención de condutas infractoras de **ARELA** e a **Fundación BARRIÉ** no curso 202-2024.



* o programa KTORCE18. Curso 23-24

participantes


2326
alumnos e
alumnas

214
mestres e
mestras




accións realizadas (charlas e obradoiros)

45
centros
educativos



85
charlas
realizadas



satisfacción co servizo



4,15/5

satisfacción media obradoiros

financiamento

O Programa KTORCE18 lévase a cabo mediante un convenio asinado coa Fundación BARRIÉ.

Fundación Barrié



* CONVIVE.COMigo

Que é?

O programa **CONVIVE.COMigo** traballou durante o 2024 na provincia de Pontevedra a través dun novo convenio asinado entre **ARELA** e a **Consellería de Política Social e Igualdade**.

Misión

A misión do programa **CONVIVE.COMigo** é a captación, valoración, formación e seguimento de persoas ou familias para convivir con adolescentes que teñan que cumprir coa Medida de Convivencia con persoa ou familia, en contornas positivas e diferentes ás que teñen na actualidade.

Como contactar?

Para obter máis información sobre o programa **CONVIVE.COMigo** pódense utilizar os seguintes medios:

- Enderezo electrónico: convive@arela.org
- Teléfono: 604 038 672

Datos do servizo en 2024

A continuación recolleemos os datos máis salientables do programa **CONVIVE.COMigo** en 2024.

* O CONVIVE.COMigo en 2024

participantes

4
grupos
familiares
activos en
2024

4
medidas de
convivencia
executadas
en 2024

En 4 concellos en 2024

- Cangas
- Padrón
- Vigo
- A Estrada

A finais de 2024 incorpórase no proceso formativo un grupo familiar en Moaña

reunións con concellos e colectivos



No ano 2024, realizamos diferentes accións de difusión do Programa **CONVIVE.COMigo** a través da colaboración de entidades do tecido social, así como con concellos da provincia de Pontevedra. Nestas reunións búscase que se colabore na promoción desta tipoloxía de acollemento familiar e a sensibilización cara os/as adolescentes que teñen que cumprir medidas xudicias.

O programa contempla varias reunións e comunicación continua co Xulgado de Menores (equipo técnico, fiscalía e xuíza de menores) de cara a valorar propostas de derivación ou consultas sobre dispoñibilidade das familias do programa.

financiamento

O programa **CONVIVE.COMigo** lévese a cabo a través dun convenio asinado coa Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia





CaixaProinfancia



Fundación "la Caixa"

CaixaProinfancia

Que é?

Loitamos contra a pobreza infantil a través da promoción socioeducativa integral, realizando acción social cunha intervención directa coas familias, nenos, nenas e adolescentes; e coordinando todas as accións establecendo un modelo de traballo en rede cos profesionais dos diferentes ámbitos e as entidades sociais do territorio nas cidades de Vigo e Santiago.

En 2020 asumimos a Coordinación Territorial do Programa que na actualidade abarca Galicia e Asturias. Acompañamos a máis de 35 entidades sociais, coordinadas localmente por Fundación Meniños (Pontevedra), Fundación Juan Soñador (Lugo, Ourense e A Coruña), Asociación Dignidad (Ferrol), Asociación ARELA (Vigo e Compostela), Asociación Cultural Norte Joven de Mieres (Mieres), Asociación CUANTAYÁ (Gijón). Esta coordinación permitiu manter nas nove redes o modelo compartido de colaboración entre axentes público-privados e establecer sinerxias que enriquezan a acción social coas persoas.

O programa é impulsado, acompañado e financiado pola [Fundación "la Caixa"](#).

Misión

Traballamos para romper o círculo da pobreza hereditaria que se transmite de pais / nais a fillos / fillas, apoiando ás familias e ofrecendo diferentes servizos socioeducativos e terapéuticos, para elas e para os seus fillos e fillas, mellorando así os procesos de integración social, escolar, a autonomía e o empoderamento.


Datos do programa en 2024

A continuación recolleemos os datos máis salientables do programa [CaixaProinfancia](#) en 2024.



* o CaixaProinfancia en 2024


Coordinación local: Vigo e Santiago



accións realizadas


Compostela

nenos, nenas e adolescentes



Vigo

nenos, nenas e adolescentes



Coordinación territorial

Na Coordinación Territorial (Galicia e Asturias) asumimos novos retos a través de grupos de traballo, encontros interredes e co traballo nos distintos territorios. Realizamos visitas aos territorios, combinada con reunións de coordinación mensuais mixtas”





*Espazos de preservación familiar

Que son?



En colaboración coa Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, cofinanciado polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, a xestión do programa corresponde á UTE Espazos, formada pola Fundación MENIÑOS e a [Asociación ARELA](#).

Os Espazos de Preservación Familiar son unha proposta innovadora para a protección e promoción dos dereitos da infancia e a adolescencia. Ofrecen un servizo integral que abarca apoio psicolóxico, social e educativo para nenos, nenas e adolescentes que se atopen en situacións de risco leve, así como para as súas familias.

Contamos cun equipo de profesionais interdisciplinares (especializados en psicoloxía, pedagogía, educación social, traballo social, integración social e maxisterio) situados nas localidades da Pobra, Vilagarcía e Ferrol, cun ámbito de actuación nas comarcas do Barbanza, O Salnés e Ferrolterra.

Brindan un servizo integral de apoio psicolóxico, social e educativo para nenos, nenas e adolescentes en situacións de risco leve ou moderado, así como para as súas familias.

Misión

Ofrecer un espazo de segunda oportunidade para que as familias, co apoio e os recursos adecuados, poidan recuperar e adquirir as competencias necesarias para asumir de maneira responsable a crianza. Evitar a separación dos fillos e fillas das súas familias, superando a situación de vulnerabilidade e prevenindo a súa reparaición.

Datos do servizo en 2024


A continuación recolleemos os datos máis salientables dos Espazos de Preservación Familiar en 2024




* espazos preservación familiar 2024

espazo de preservación do Barbanza (A Pobra)

81
familias
atendidas
en 2024




137
nenos, nenas
e
adolescents




* Atendidas familias de A illa de Arousa, Caldas de Reis, Cambados, Cuntis, Meaño, Padrón, Pontecesures, Portas, Ribadumia, Valga, Vilagarcía e Vilanova de Arousa

espazo de preservación de Arousa (Vilagarcía)

84
familias
atendidas
en 2024



148
nenos, nenas
e
adolescents



* Atendidas familias de A Pobra do Caramiñal, Boiro, Dodro, Rianxo, Ribeira e Rois


espazo de preservación de Ferrolterra (Ferrol)

O espazo de preservación familiar de Ferrolterra inicia a súa actividade en xuño de 2024

10
familias
atendidas
en 2024



16
nenos, nenas
e
adolescents



* Atendidas familias de Ferrol, Narón e San Sadurniño

financiamento

* Ata o 31/05/2024



* Dende o 1/06/2024





Xestión en ARELA



Incidencia e representación

A **Asociación ARELA** traballa ano tras ano visibilizando a situación da infancia, adolescencia e mocidade en Galicia e facendo incidencia sobre as necesidades detectadas. Para a consecución deste obxectivo estamos integrados en redes como a EAPN Galicia ou a Plataforma de Infancia de Galicia. A maiores a **Asociación ARELA** dende o 2024 forma parte dunha nova entidade, a Asociación Empresarial Galega de Familia, Infancia e Xuventude, en anagrama GAFIX



Comunicación externa

A difusión dos proxectos da entidade e o posicionamento ante os debates da actualidade informativa permitíronnos facer escoitar a nosa voz ante a sociedade a través de diferentes canles de comunicación.



Transparencia

Para a **Asociación ARELA** un dos valores fundamentais é a transparencia na xestión dos recursos que nos permiten desenvolver os servizos e programas da entidade.



Financiamento e colaboracións

O traballo a prol da infancia e adolescencia en situación de desprotección e/ou conflito social da **Asociación ARELA** non sería posible sen o financiamento e a colaboración de administracións e entidades públicas e privadas.





Incidencia

A Asociación ARELA forma parte de diferentes plataformas de traballo en rede, a través das que fomentamos a incidencia e a coordinación para mellorar a calidade de vida da infancia de Galicia e as súas familias.

Plataforma de organizacións de infancia de Galicia

Plataforma enmarcada na Plataforma da Infancia estatal. Ten a misión de agrupar os esforzos das entidades que traballan no ámbito da infancia e de crear un espazo de coordinación que defenda, promova e protexa os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes conforme á Convención sobre os Dereitos do Neno no territorio galego. Conformada por 48 entidades. Durante o 2024 traballamos sobre todo nas Comisións de Incidencia Política e Protección.

Neste 2024 asumimos a secretaría da Xunta Directiva desta plataforma.



EAPN Galicia. Rede galega contra a pobreza

EAPN Galicia é unha organización non lucrativa e de acción social que reúne ás organizacións autonómicas do terceiro sector implicadas na loita contra a pobreza e a exclusión a través da defensa dos dereitos dos colectivos en risco e da súa participación comunitaria plena. Actualmente, componse de 158 ONG a través de 35 entidades membro.



GAFIX. Asociación empresarial galega de familia, infancia e xuventude

Nace para defender os intereses das entidades asociadas, asesorar ás mesmas en todo o que afecte a súa actividade, ser interlocutora coas distintas administracións públicas e sindicatos para todas aquelas cuestións que afecten ao sector da actividade ao que pertence GAFIX e, participar, nos procesos que poidan afectar aos dereitos e obrigas das entidades que desenvolven a súa actividade no sector definido

Comunicación externa

A defensa dos dereitos dos nenos e nenas, o posicionamento en temas de interese ou a difusión dos servizos, programas e accións da entidade, centran a estratexia de comunicación de ARELA.

Aparicións en medios de comunicación



FARO DE VIGO

Mar Mate
WIG0 24 1407 2024 9:00 Actualizada 24 1407 2024 9:00

La psicóloga y psicoterapeuta vasca **Pepa Horne** acudió ayer a Vigo para presentar el libro **"Aprendiendo a habitarlos"** (Disfúcle de Brouwer) donde ofrece un modelo psicoterapéutico para profesionales que acompañen a personas con **historias de trauma**. La experta, que ha colaborado en programas con Unicef, estuvo acompañada por la **psicóloga** Ana María Seiro (de Ahegá) y Julio Barreiro, director de Arela.

—Detrás de muchos traumas, hay violencia sufrida en la infancia. Se aconseja la **detección precoz, pero ¿cómo localizarlo e identificarlo de manera temprana?**

—La clave es ver que **el pequeño cambia de la noche a la mañana sin explicación aparente**. Es un niño que antes iba contento al colegio y que ahora quiere dejar de ir; dormía bien y ahora ya no; comía sin problemas y ahora ya no come bien; antes sonreía y jugaba y ahora deja de hacerlo. Es una forma de manifestar el dolor que están viviendo. Comienzas a ver todo esto acumulado y como madre, padre, profesora o entrenadora deportiva o cualquier adulto del entorno te das cuenta de que pasa algo pero no sabes qué es exactamente. Una de las claves del trauma es que aunque el niño no sea capaz de hablar de él, se ve en su conducta.

PORTUENOS

Arela busca familias acolledoras en Pontevedra para adolescentes con medidas judiciales

O programa Convíves conxir conta na actualidade! con catro grupos de convivencia na provincia

BARCELONA

Un lazo para que la familia no se rompa

ANA FERREIRO

Ana Ferreiro coordina el programa Espacios de Preservación Familiar dirigido a ayudar a niños y adolescentes que puedan encontrarse desprotegidos o en riesgo

6 de set 2024 Actualizado a las 11:57 h



El camino hacia una vida nueva

Barbara Aña colabora en el documental "Vidas conector" para mostrar la ayuda que recibirá de la Red de Regado desde Barcelona, su país natal



La Voz de Galicia

FERROL CIUDAD

Inauguración en Ferrol del tercer espacio de preservación familiar de Galicia

LAVIÑA



Transparencia

a importancia da transparencia

A dirección e os profesionais da **asociación ARELA** continuaron apostando no ano 2024 pola transparencia e o traballo de calidade en todos os servizos e programas da entidade.

certificación de calidade ISO 9001:2015

Os servizos e programas da **asociación ARELA** están certificados na norma UNE EN ISO 9001. Como nos períodos anteriores, no ano 2024 a auditoría externa foi realizada por AENOR.



auditoría externa de contas

No ano 2024 volvemos a auditar externamente as contas da Asociación ARELA. Máis información económica na web de ARELA en <https://arela.org/transparencia/>

Financiamento


financiamento público



financiamento privado



colaboradores



中国美术学院



Rúa Ernesto Lecuona, 11 Baixo
36205 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 986.212.537
arela@arela.org
www.arela.org

